

NOTA DE PRENSA

- **O curso escolar arranca en Galicia sen o persoal adecuado: desprotección do alumnado, abandono das familias e sobrecarga do profesorado**

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024 - O inicio do curso escolar en Galicia pon de manifesto unha realidade preocupante: **a falta de profesionais cualificadas/os para atender as necesidades sociais do alumnado nos centros educativos**. A eliminación das prazas de Traballo Social nos Equipos de Orientación Específicos deixa desprotexido ao alumnado máis vulnerable, incrementando o risco de exclusión social e dificultando a atención integral que precisan moitas familias.

● **Impacto nas familias e na educación pública**

Esta carencia de atención profesional afecta directamente á calidade da educación e á protección da infancia en Galicia, en contradición coas obrigas legais e cos compromisos adquiridos a nivel estatal e autonómico para garantir unha atención educativa inclusiva e equitativa. A crecente demanda de atención sociosanitaria e socioeducativa nos centros educativos queda evidenciada en protocolos como o de prevención do suicidio, e en programas como as Unidades de Apoio á Convivencia (UACO) ou a figura de Coordinadora/or de Benestar, que aínda que **recoñecen a importancia do enfoque social, non contan co persoal especializado necesario**.

A atención prestada por profesionais non cualificadas a persoas especialmente vulnerables nunca poderá acadar os estándares de calidade esixibles para unha Administración comprometida coas necesidades públicas. As familias galegas ven como a desatención no ámbito escolar aumenta os conflitos sociais e agrava problemas xa existentes, como a pobreza infantil, absentismo, a exclusión e as dificultades de integración. O profesorado, sen apoio especializado, enfróntase a situacións para as que non está preparado, o que redunda nunha educación pública que non responde ás necesidades do século XXI.

● **Unha reivindicación necesaria e urxente**

Ante esta situación, o Bloque Nacionalista Galego (BNG) levou ao Parlamento galego unha proposición non de lei para instar á Xunta a recuperar as prazas de Traballo Social eliminadas nos últimos anos. O obxectivo é restaurar unha figura profesional indispensable para garantir a protección e o apoio social que merecen os nenos e nenas galegos.

A ausencia de traballadoras e traballadores sociais, figuras clave na detección e intervención ante problemáticas sociais, crea un baleiro insubstituíble nos centros educativos. Estas profesionais son esenciais para abordar situacións complexas como a violencia de xénero, o absentismo escolar, as dificultades familiares e a prevención de condutas autolesivas ou suicidas, entre outras. Sen eles, a atención queda en mans dun profesorado que non sempre conta coa formación específica para xestionar estas problemáticas, o que sobrecarga aínda máis a súa labor docente.

“Non se trata só de reivindicar prazas, senón de asegurar que a escola sexa un espazo seguro e de apoio para todo o alumnado, especialmente para quen máis o necesita,” conclúe o COTSG, facendo un chamamento a toda a sociedade para esixir unha educación pública que realmente atenda ás necesidades de todos e todas.

Desde o COTSG, facemos un chamamento urxente á Xunta de Galicia para que **cubra e restableza de inmediato as prazas de Traballo Social nos Equipos de Orientación Específicos e nos centros de educación especial.** É fundamental asegurar unha cobertura real que atenda as necesidades de todos e de todas, garantindo unha educación pública con estándares de calidade axeitados que realmente protexan ao alumnado, ás familias e ao profesorado.

A educación galega merece un compromiso firme co benestar e a igualdade de oportunidades para todas as familias.

+ info [981 568 100](tel:981568100)

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia